

23/05/2025

AVISO ZONAS CON REPUNTES DE *DRYOCOSMUS KURIPHILUS* NA MONTAÑA DE LUGO E OURENSE

O programa de acción da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para a loita biolóxica contra *Dryocosmus kuriphilus* conta con dúas liñas principais de actuación:

1. Soltas do parasito. *Torymus sinensis*, nos meses de primavera, co fin de que os parasitoides se dispersen naturalmente. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realízanse as soltas do parasito segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.
2. Estudo do grao de parasitación. Esta comprobación realízase recollendo bugallas, tanto de xema como de folla, que son enviadas ao laboratorio, onde comprobamos, mediante a súa apertura, a presenza do parasito. Esta recollida realízase nos meses de outono.

O control do *Dryocosmus kuriphilus*, baséase na loita biolóxica por medio do seu inimigo natural e específico, o *Torymus sinensis*. A solta do parasitoide é o único método eficaz de loita fronte a esta praga.

A pesar dos bos resultados obtidos coa solta do parasitoide, dende o ano 2024 véñense observando aumentos de poboación de *Dryocosmus kuriphilus* en zonas onde *Torymus sinensis* tiña controlada a praga (zona leste de Lugo e Ourense)

Na primavera do 2024, as soltas que se realizaron do parasitoide (*Torymus sinensis*) foron realizadas nestes lugares onde se detectou, a través das mostraxes, un aumento de bugallas. No verán do 2024 realizouse unha mostraxe para comprobar a intensidade de ataque da praga na montaña de Lugo e Ourense e no outono recolléronse bugallas para comprobar a presenza do parasitoide nestes lugares.

No plano que se presenta a continuación compróbase que existe presenza de *Torymus sinensis* nos lugares de alta intensidade de *Dryocosmus kuriphilus*.


Tendo en conta que non se pode esperar unha erradicación total da avispiña, o que se intenta coas distintas soltas do parasitoide é manter un equilibrio, que se pode romper por diversas causas:

- As condicións meteorolóxicas cambiantes producidas nestes últimos anos, que desacompararan o ciclo de praga/parasitoide.
- Incendios acaecidos no 2022 no Caurel.
- Dinámicas propias poboacionais entre avispiña e *Torymus sinensis* que ata este momento se descoñecen.

A partir do ano 2020, a comercialización do *Torymus* está liberalizada. Na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación atópanse as empresas autorizadas para a súa produción e comercialización: <https://servicio.mapa.gob.es/omdfwebwai/>



PLANO ZONAS ALTAS INTENSIDADE *DRYOCOSMUS*/PRESENZA *TORYMUS*



● Localizacións con repuntes de intensidade

- Cuadrículas sen mostraxe de parasitación. Baixa intensidade de ataque no 2024
- 0-10 % de parasitación con *Torymus sinensis*
- 10-20% de parasitación con *Torymus sinensis*
- 20-30 % de parasitación con *Torymus sinensis*
- 30-40 % de parasitación con *Torymus sinensis*
- >40 % de parasitación con *Torymus sinensis*